



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Estancias Clínicas II	Código	750G01026	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Sobrido Prieto, Natalia	Correo electrónico	natalia.sobrido@udc.es	
Profesorado	Sobrido Prieto, Natalia Talegón López, Julia Margarita	Correo electrónico	natalia.sobrido@udc.es j.talegonl@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	PRÁCTICAS CLÍNICAS TUTELADAS, REALIZADAS EN UNIDADES DE HOSPITALIZACIÓN.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
1.- Traballar en equipo.		A62	B1 C1
Distinguir o rol da enfermeira e identificar o rol dos diferentes membros do equipo.			B3 C3
Demostrar disposición para o traballo cooperativo dentro do equipo asistencial			B5 C7
			B7 C10
			B11 C12
			B13
			B14
			B19
			B24
2.- Capacidade de comunicación		A62	B7 C1
Poñer en práctica os elementos básicos da comunicación enfermeira-persoa enferma.			B14 C12
			B15
			B16



<p>3.- Aplicar o proceso de atención de enfermaría.</p> <p>Aplicar na práctica asistencial os coñecementos aprendidos do proceso de atención de enfermaría</p> <p>Executar as técnicas e protocolos garantindo a seguridade e de acordo ao establecido na institución asistencial.</p>	A62	B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24	C1 C3 C4 C10 C11 C12
<p>4.- Incorporar á práctica profesional os principios éticos e legais que guían á profesión.</p> <p>Respectar as opinións, valores, crenzas das persoas e garantir a confidencialidade e privacidade da información persoal e clínica. Cumprir as normas de funcionamento das unidades ou servizos.</p>	A62	B6 B16 B20 B24	C4 C11

Contidos	
Temas	Subtemas
PRÁCTICAS CLÍNICAS TUTELADAS, REALIZADAS EN UNIDADES DE HOSPITALIZACIÓN.	<ul style="list-style-type: none"> - Situación nun centro sanitario. Coñecemento do seu funcionamento e normas a seguir. - Integración nun equipo de saúde. - Ingreso do paciente. Protocolo de admisión. - Planificación de coidados. - Realización de técnicas e procedementos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	112	0	112
Traballos tutelados	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B11 B13 B14 B15 B16 C1 C10 C11	2	30	32
Actividades iniciais	B6 B10	6	0	6
Atención personalizada		0	0	0

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Prácticas clínicas	A práctica clínica é o proceso sistemático e organizado mediante o cal os estudantes integran os coñecementos e competencias da enfermaría e adquiren a formación clínica adecuada en centros asistenciais, baixo a tutorización do profesor asociado e de profesionais de enfermaría cualificados e a responsabilidade do profesor titular da materia. A realización das prácticas clínicas segundo a programación establecida desde a materia son de carácter obrigatorio.
Traballos tutelados	Proceso encamiñado a promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor titular da materia e desenvolvido en escenarios profesionais. A realización e entrega do traballo é de carácter obrigatorio.
Actividades iniciais	Actividades que levan a cabo antes de iniciar as prácticas clínicas no medio hospitalario. Desenvólvense mediante dúas sesións en escenarios diferentes. Unha primeira sesión ten lugar na aula e durante a mesma especificanse todos os aspectos necesarios e de interese para o correcto desenvolvemento da materia. Nunha segunda sesión reúnese aos alumnos dentro do entorno clínico onde se tratan aqueles aspectos específicos do medio no que se atopan, tratando de establecer unha sesión de acollida ao alumno no centro hospitalario en cuestión.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas clínicas Traballos tutelados	Nas Prácticas Clínicas a atención personalizada vai dirixida principalmente a tutorizar aos alumnos no entorno clínico orientándoos á consecución de competencias establecidas. No desenvolvemento dos Traballos Tutelados a profesora responsable guía o proceso de maneira personalizada e establece sesións clínicas presenciais.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas clínicas	A62 B1 B3 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B13 B14 B15 B16 B19 B20 B24 C1 C3 C4 C7 C10 C11 C12	Informe da profesora asociada de prácticas clínicas, en coordinación coa responsable de cada unidade de enfermaría. Avaliaranse as seguintes competencias: 1) Comunicación/Relación 2) Proceso Enfermeiro 3) Alteracións da Saúde/Ciclo Vital 4) Técnicas e Procedementos 5) Traballo en Equipo 6) Ética Profesional	80
Traballos tutelados	B1 B3 B5 B7 B8 B9 B11 B13 B14 B15 B16 C1 C10 C11	Presentación dun traballo final sobre planificación de coidados que o alumno deberá ir elaborando ao longo de todo o seu período práctico, aplicando a metodoloxía enfermeira.	20

Observacións avaliación



PRIMEIRA E SEGUNDA OPORTUNIDADEAs prácticas clínicas son obrigatorias e non existen faltas xustificadas, polo que as ausencias debidamente acreditadas deberán recuperarse, sempre que non excedan do 50% das planificadas. As non xustificadas constitúen unha infracción grave e poden supoñer, a criterio do profesor titular responsable, o suspenso da materia. A recuperación das prácticas realizarase no período establecido polo profesor, antes da data de peche de actas. As datas e horarios nas que cada estudante realizará as prácticas clínicas faranse públicas antes do inicio destas. A aplicación das porcentaxes correspondentes realizarase sempre e cando o alumno teña as dúas probas (Prácticas Clínicas e Traballos Tutelados) superadas de xeito independente. Cando o alumno non supere de xeito independente as dúas probas supoñerá a cualificación de SUSPENSO en acta. A cualificación numérica obterase establecendo un mínimo en cada unha das partes. O feito de non presentar o Tralaballo Tutelado e ter superado as prácticas clínicas implica figurar en acta como NON PRESENTADO, podendo presentalo na segunda oportunidade. As probas superadas na primeira oportunidade conservaranse para a segunda oportunidade, coa cualificación obtida. **MATRÍCULA DE HONRA:** Poderán optar a matrícula de Honra aqueles alumnos cuxa media supere o 9,5. Os profesores da materia poderán considerar criterios adicionais nos resultados obtidos polos estudantes en calquera das accións formativas programadas na guía docente da materia.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- NANDA Internacional (2015). Diagnósticos enfermeros : definiciones y clasificación : 2015-2017. Barcelona: Elsevier- Johnson, Marion (2012). Vinculos de NOC y NIC a Nanda-I y diagnósticos médicos : soporte para el razonamiento crítico y la calidad de los cuidados. Madrid : Elsevier- González Gomez, Inés Carmen. Herrero Alarcón, Angustias (2009). Técnicas y procedimientos de enfermería. Madrid: DAE
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía/750G01001
Sistemas da información e comunicación en ciencias da saúde/750G01004
Fisioloxía I/750G01005
Fisioloxía II/750G01010
Farmacoloxía/750G01011
Estancias Clínicas I/750G01025
Enfermaría Clínica I/750G01034
Fundamentos de Enfermaría/750G01107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermaría Clínica II/750G01035

Materias que continúan o temario

Estadías Clínicas III/750G01027
Estancias Clínicas IV/750G01028
Estancias Clínicas V/750G01029
Estancias Clínicas VI/750G01030
Estancias Clínicas VII/750G01031
Practicum/750G01032

Observacións

Os alumnos que cursen esta materia deberán demostrar uns coñecementos mínimos en Estancias Clínicas I que lles permita realizar unhas prácticas clínicas nunha contorna real como é o hospitalario.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías